

Regulamento da proba Trail da Carixa 2025.

O evento estará formado por unha proba Trail individual de 22 km, Trail por relevos de 13 + 9 km, Trail por parellas 22 km, Trail cadete de 9 km, Andaina de 9 km e Pequetrail de 0.5 a 3 km; rexidas polo seguinte regulamento:

1. As carreiras Trail e Andaina celebraranse o **día 7 de setembro de 2025** con saída e chegada dende a praia fluvial de A Carixa, no Concello de Vila de Cruces.
2. Como novidade este ano o percorrido farase en sentido inverso a os anos anteriores, o cal daralle a proba un aliciente importante.
3. Contará con un total de **600 prazas** que se repartirán do seguinte xeito entre as diferentes modalidades:

• Trail individual 22 Km	200 prazas.
• Trail por parellas 22 km	100 prazas
• Trail por relevos 13 + 9 Km	100 prazas.
• Trail cadete 9 Km	50 prazas.
• Andaina 13 km	50 prazas.
• Pequetrail:	100 prazas.
4. Ás probas sobre a distancia de 22 km e un desnivel positivo de 1130 terán xunto ca Andaina terán a saída as 10:00 horas; mentres que as que o farán sobre un percorrido de 9 k con un desnivel positivo de 460 m (Trail Cadete) terán a saída as 11:30 sobre.
5. A carreira Trail individual sobre un percorrido de 22 km poderase facer baixo a modalidade de relevos, en equipos de dúas persoas os cales poderán ser mixtos.
6. que a organización dispoña a longo do percorrido.
7. A recollida de dorsais para ambas probas poderá realizarse o mesmo día na zona de saída e meta entre as 8:00 e as 9:30 horas. Para a retirada de dorsais será obrigatorio presentar o DNI ou pasaporte, podendo retirarse por unha persoa distinta ó destinatario, facéndose esta responsable, eximindo de toda responsabilidade á organización.
8. **O Pequetrail:** celebrarase o día anterior sábado 6 a partir das 11:00;

- terá recorridos diferentes para cada unha das categorías:
 - i. **esquíos** (de 2 a 6 anos) con un percorrido de 500 m,
 - ii. **corzos** (de 7 a 9 anos) con un percorrido de 1000 m
 - iii. **xabaríns** (de 10 a 14 anos) con un percorrido de 3000 m.
- Para a celebración de esta proba precisárase un mínimo de 5 inscritos en cada categoría.
- Os participantes poderanse anotar o mesmo día da proba no local de reparto de dorsáis.
- Haberá premios para todos os participantes.

9. **Trail Cadete 9 K:** sairá as 11:30;

- So poderán participar as persoas debidamente inscritas con idades de 15,16 e 17 anos, é dicir que non cumpra os 18 anos o ano de referencia.
- Haberá premio para os tres primeiros participantes masculino e feminino.

10. **Trail 13 + 9 K por relevos:** sairá as 10:00;

- So poderán participar as persoas debidamente inscritas con 18 anos de idade ou mais.
- Os equipos estarán compostos por dúas persoas, nunha única categoría absoluta, podendo ser estes masculino, feminino ou mixto.
- O primeiro relevista fará o percorrido do primeiro tramo 13 k e o segundo de 9 k no segundo tramo.
- Haberá premio para os tres primeiros clasificados da categoría masculina, feminina e mixta.

11. **Trail 22 k por parellas:** sairá as 10:00;

- So poderán participar as persoas debidamente inscritas con 18 anos de idade ou mais.
- Os equipos estarán compostos por dúas persoas, nunha única categoría absoluta, podendo ser estes masculino, feminino ou mixto.
- Ámbolos dous compoñentes da parella deberán correr xuntos e a separación máxima non poderá ser superior a un minuto a o paso por os diferentes controis que a organización dispoña a longo do percorrido.

- Habera premio para os tres primeiros clasificados da categoria masculina, feminina e mixta.

12. **CATEGORÍAS:** os participantes estara divididos nas categorias e sub categorias seguintes:

- Categorias Masculina e Feminina : Cadete, Júnior e Absoluta.

- **Categoría Cadete:** 15,16, e 17 anos, é dicir que non cumpra os 18 anos o ano de referencia.
- **Categoría Júnior:** 18,19, e 20 anos, é dicir que non cumpra os 21 anos o ano de referencia.
- **Categoría Absoluta:** a partir dos 21 anos cumpridos o ano de referencia

- Sub categorias Masculino e Feminina: Promesa e Veterana A e B

- **Sub categoría Veterana A:**
 - Masculina e feminina de 40 a 49 anos, é dicir que non cumpra os 50 anos o ano de referencia.
- **Sub categoría Veterana B:**
 - Masculina e feminina de 50 a 59 é dicir que non cumpra os 60 anos o ano de referencia.
- **Sub categoría Veterana C:**
 - Masculina e feminina a partir dos 60 anos cumpridos no ano de referencia.

A idade a ter en consideración para toda a tempada, no referente a categoria e sub categorias, será a que o participante teña o día 31 de Decembro do ano da competición.

13. **INSCRICIÓN:** Serán a través da páxina **ccnorte.com** estara abertas dende o día 15 de maio ata o 1 de setembro.

O custo das diferentes probas será o seguinte:

1º Trail individual 22 k..... 22 €

A partir do 15 de agosto 25 €

2º Trail por parellas 22 k..... 44 €

A partir do 15 de agosto 50 €

3º Trail por relevos 13 + 9 k..... 38 €

A partir do 15 de agosto 42 €

4º Andaina..... 18 €

A partir do 15 de agosto 20 €

5º Trail cadete 9 k..... 0 €

6º Pequetrail 0 €

Dita inscrición dá dereito a participar na proba, seguro de asistencia sanitaria e de responsabilidade civil, bolsa do corredor, avituallamentos, duchas, xantar e cantos obsequios ou regalos consiga a organización..

Unha vez abonada a inscrición non se devolverá o importe da mesma nin haberá posibilidade de anulación. Pasado o día da proba, non se terán en conta as reclamacións de bolsas do corredor non recollidas (sin unha comunicación ou xustificación expresa), nin regalo, trofeo ou obsequio algún

14. **SINALIZACIÓN E CONTROIS:** O percorrido estará sinalizado con cintas de plástico co logotipo da proba, sendo obrigatorio o paso polos controis establecidos.

15. O/A corredor/a que se retire durante o transcurso da proba, deberá avisar ó control máis próximo e facer entrega do dorsal.

16. **AVITUALLAMENTOS:** A proba contaría con un total de 4 avituallamentos os cales quedarían distribuídos da seguinte mineira:

1. Fontao km 5 (Líquido).
2. Carboeiro de Francia km 10 (Sólido e líquido)
3. Praia fluvial da Carixa 14 (líquido e sólido).
4. Mirador da Catarata do Toxa km 18 (líquido).
5. Praia fluvial da Carixa 22 (líquido e sólido).

A fin de ser meticulosos no respecto co medio ambiente e baixo a premisa de reducir a o máximo os residuos que se poidan xerar, nos avituallamentos non se dispensarán vasos a os participantes.

17. **TEMPOS DE CORTE:** Co fin de cumprir cos horarios establecidos pola organización para o evento fixarase un tempo de corte en dous dos puntos do recorrido para a proba de Trail individual e por relevos:

- Primeiro paso pola Praia Fluvial da Carixa km 13 12:15 .

18. **PREMIOS:**

- **TRAIL Individual 22 k:**

Entregarase un trofeo ós tres primeiros da clasificación xeral nas categorías masculina e feminina; ademais a os tres primeiros de cada categoría, atendendo as categorías propias da carreira (punto 9).

- **TRAIL por relevos 13 + 9 k:**

Entregarase un trofeo ós tres primeiros da clasificación xeral masculina, feminina e mixta.

- **TRAIL por parellas 22 k:**

Entregarase un trofeo ós tres primeiros da clasificación xeral masculina, feminina e mixta.

- **TRAIL Cadete 9 k:**

Entregarase un trofeo ós tres primeiros da clasificación nas categorías masculina e feminina.

- **ANDAINA:**

Será de carácter non competitiva, e non haberá premios.

19. A aceptación do presente regulamento, implica obrigatoriamente que o participante autoriza á organización á gravación total ou parcial da súa participación na mesma, presta o seu consentimento para que poida ser utilizada a súa imaxe na promoción e difusión da proba, de tódolos xeitos posibles e cede tódolos dereitos relativos á súa explotación, comercial e publicitaria que a organización considere oportuno executar.
20. Quedará descualificado/a desta proba todo o que non cumpra o presente regulamento, non complete a totalidade do percorrido, deteriore ou ensucie a contorna, non leve o seu dorsal ben visible, manteña unha conduta impropia ou desatenda as indicacións da organización.
21. A organización resérvase o dereito a realizar as modificacións que considere necesarias en función dos diferentes condicionantes, así como a suspensión da proba se as condicións meteorolóxicas o obrigan ou por forza maior.
22. Os/as participantes están obrigados a auxiliar ós accidentados que precisen axuda así como a informar de calquera incidente nos controles de paso.
23. A pesar do persoal disposta pola organización ao longo do percorrido os/as participantes están obrigados a respectar as normas de circulación nos cruzamentos coas estradas.

24. Os únicos vehículos autorizados a seguir a proba serán os designados pola organización, quedando totalmente prohibido, para evitar posibles accidentes, seguir ós corredores en moto, bicicleta, quad ou similar polo circuito.
25. A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente, neglixencia, así como dos obxectos perdidos de cada participante. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade en caso de accidente ou lesión. En todo o non contemplado neste regulamento, a proba basearase nos regulamentos da Federación Galega de Montañismo e da Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada (FEDME).
26. 23. En caso de non comparecencia de algún dos integrantes do podium, durante a celebración da entrega de premios, perderase a posibilidade de reclamar dito trofeo/agasallo, e a organización gárdase a posibilidade de poder chamar o seguinte corredor en entrar en liña de mete segundo o listaxe proporcionado polo cronometraxe.